



REMATAR CUN COMEZO:

Manuel Rivas: 'O HEROE'

CORPOS E PALABRAS

A procura da liberdade non só vai labrando as sociedades, senón que tamén, e sobre todo, esculpe os seres que andan nesa procura. Hai unha conexión de fondo entre ese andar pola liberdade e a etimoloxía latexante do vivir: o vivir *en vilo*, ser corpos abertos dispostos a ser habitados por esa forma inquietante de beleza que chamamos emoción.

De primeiras estou a pensar en Sarabela, esa criatura

ventureira da escena galega que agora cumpre 25 anos. Ventureira nun dobre sentido: que trouxo ventura e que implica risco.

O heroe quere representar a historia dun *corpo aberto*, ese proceso de habitar outras vidas, outras voces, diferentes á que semella predeterminada. Un *corpo aberto* que vai soerguéndose como un espazo tecido de linguaxe, como un contrapunto, fronte ao derrube colectivo, á esterqueira moral, que supón a negación da liberdade. A historia das palabras está

PÁXINA
ANTERIOR:
Máscara
de Jesús
Costa para
'A esmorga'

25 ANOS
DE SARABELA TEATRO





intimamente vinculada á dos corpos. E aquí fálase das feridas das palabras e dos corpos, mais tamén do laborioso e fráxil esforzo de recomposición, a comezar polo pasadizo soterrado da ironía. *O heroe* transcorre, en grande parte, nun tempo histórico extremo, na ditadura franquista, mais tamén cando ese réxime sinistro, a principios dos anos sesenta, é percibido por moita xente como unha «paisaxe natural». Así, no mundo da complicidade e da propaganda, un inhumano e permanente estado de excepción é vivido como «normalidade» e a rebelión contra ese estado de cousas como unha temeridade. Como pode ocorrer este secuestro da verdade, este control das mentes, ante tantas testemuñas e durante tanto tempo? As olladas e as verbas son confinadas entre catro paredes, aínda que ás veces as pedras e os muros teña aparencia de translúcidos. A rebelión que protagoniza o noso heroe xorde nun paradoxo. El é un guerreiro nun réxime que tiña os seus alicerces chantados na guerra, na idea

de imperio, concretada na conquista do propio territorio. A chamada «guerra secreta» do Sidi Ifni, a guerra dos Cen Días, daquela colonia africana, provócalle un choque que fai trastallar as lousas da súa conciencia. O heroe guerreiro pasa a proba do que poderíamos chamar a pena de Marte, a mágoa do deus da guerra. E pasará outras probas nunha persoal odisea subversiva do sentido tradicional do valor e do culto ao guerreiro, na que latexa como fondo a pregunta de Albert Camus: «Como reaccionar fronte ao mal sen caer noutra forma do mesmo mal?». Para min, o levedar do pan segue a ser un misterio. E o mesmo ocorre co nacer dunha obra. As circunstancias históricas son ben distintas. Mais sospeito que o que aquí se trata e pode inquietar algo ten que ver co mundo de hoxe.

MANUEL RIVAS
(Texto para o programa do espectáculo)



Sarabela pecha o círculo dos seus 25 anos de existencia. Tempo no que aprendemos a crear; deixarnos a pel no oficio; buscar e descubrir; asumir en equipo erros, acertos, riscos e compromisos; edificar unha casa de portas e fiestras abertas; forxar a nosa identidade bebendo das raíces; especializarnos, comunicarnos... cunha mirada de nós.

Creemos que é unha festa para o Teatro Galego a incorporación de **Manuel Rivas** á dramaturxia. Sentimos, por este extraordinario poeta da conciencia, grande admiración, respecto e agarimo. Resulta un privilexio e un pracer viaxar xuntos no seu universo ficcional único. O día 15 de outubro de 2005 naceu simultaneamente o texto literario e a posta en escena, como agasallo e evento especial de pegada inesquecible. Abordamos o proxecto con sincero entusiasmo e total entrega por parte de todo o **equipo**. As claves foron: concentración, seguridade, confianza, sosego e paixón. Coa certeza de abordar un traballo interpretativo; de concepción; de deseño; de posta en voz e visión máis complexo e auténtico do habitual.

Nos **signos** da representación optamos pola estilización desta obra nuclear na que se salienta a metáfora do cárcere. Os espazos remiten a referentes reais (A Coruña: prazas de María Pita e San Carlos, o cine Hércules, o porto; a festa dos Caneiros de Betanzos e outros espazos imaxinarios como a *boite* «Pandora» ou unha barbaría).

Entretecido entre a linguaxe literaria e as texturas de luz, das cores, das estimulantes imaxes que é quen de corporeizar Suso Díaz como escenógrafo e iluminador. Fíos lanzados por Ruth Díaz para situarnos nos anos 60 co vestuario. Espazos sonoros de tensión e paixón deseñados por Arturo González e as composicións de Fernando Dacosta.

A estrutura do texto componse de trece escenas que nós organizamos en cinco núcleos para darlle carne e sangue ás palabras, para abrir os corpos e as emocións desta **traxedia contemporánea** percorridas polo terror e a tortura en contraste coa compaixón e a fraternidade; o renacer das feridas como esperanza; o nacemento do amor e o perigo; os sonhos frustrados e a resistencia na «esterqueira»; a perplexidade diante da represión e a crueldade; a unión dos sexos e a liberdade ao carón do valor.

O heroe é sorprendente, non permite a indiferenza, resulta unha auténtica «labarada ás consciencias»; transfírese aos peitos alleos esas paixóns propias dos personaxes, provocando un pracer purificador de fonda pegada. Iso é posible cun elenco impecable que interpreta as arelas de liberdade duns personaxes de carne e óso, sen máscaras, cargados de inflamación actoral.

ÁNXELES CUÑA

Coa emoción por bandeira

Sarabela leva ao escenario 'O heroe', de Manuel Rivas

Apáganse as luces do teatro e a música vai esmorecendo. Dúas estruturas metálicas co pano de fondo dun cadro de Urbano Lugrís serven de apoio visual ao canto manolantoniano do coro, «Fomos quedando sos, o mar o barco e máis nós...». Aínda avisados polo xa coñecido relato que orixinou a obra de Manuel Rivas, Sarabela escolleu impresionar de entrada ao espectador cunha estarrecedora imaxe que resume a época: a escenificación da tortura do protagonista, do heroe. Os laios, a dor, a obscenidade da ditadura quedan retratados nesta escena que mete un clima de tensión nas butacas. Son poucos minutos pero envolven decisivamente toda a obra, concebida na montaxe como un grande flashback, magnificamente resolto.

O heroe, un emocionante Fernando Dacosta, bicábase con Manuel Rivas noventa minutos despois mentres actores e directora saudaban os aplausos dun público xeneroso e satisfeito. Non foi para menos. A expectativa da celebración dos vinte e cinco anos de Sarabela Teatro coincidía

con dous acontecementos: a estrea de Manuel Rivas como autor teatral e o nomeamento de Ánxeles Cuña Bóveda como nova responsable do Centro Dramático Galego. Ninguén pareceu defraudado.

Rivas non enganou co planteamento. Pregúntase no seu texto de presentación, referíndose ao tempo de ditadura en que transcorre *O heroe*, «no mundo da complicidade e a propaganda, un inhumano e permanente estado de excepción é vivido como *normalidade* e a rebelión contra ese estado de cousas como unha temeridade. Como pode ocorrer este secuestro da verdade, este control das mentes, ante tantas testemuñas e durante tanto tempo?».

Nos anos 60 a ditadura de Franco fixérase «normal», tanto que mesmo podía manter unha guerra «secreta», no territorio colonial de Sidi Ifni, a chamada Guerra dos Cen Días. O heroe é un lexionario que regresa espantado á súa Coruña natal e asómbrase da falta de coñecemento, un regreso en silencio porque ninguén sabe dos horrores que el viu. Coñece a Lucía e a través da namorada entra en contacto cos subterráneos da liberdade, os clandestinos que queren mudar o réxime, seguidos moi de cerca pola policía.

Rivas e Sarabela traballan exquisitamente os cadros da posta en escena, misturando espanto e humor nun balance tan difícil

de manter no punto medio que é un gozo ver como o sacan adiante. Pasar da tortura ao tenro cadro da barbería, cando o soldado, necesitado de cariño, prégalle ao perruqueiro «dáme outra de palmadiñas», é digno de mencionar porque vai ser unha constante en toda a obra.

Ás veces o equilibrio está, funambulista na corda, a piques de naufragar. Como cando Lanzarote lle pede ao protagonista que hai que facer un heroe que se inmole diante do ditador, xusto despois da escena na que o engana coa noiva na festa dos Caneiros. A filigrana do diálogo é competente porque resolve o nó dramático, co principal discurso ético da obra —a pregunta de Camus, como reaccionar fronte ao mal sen caer no mal?—, caneando o perigo de converter o momento principal nun vulgar trasunto de saias.

Peta forte toda a obra, golpeándonos continuamente con emocións. Se esa era a intención conségueno por completo. E ademais lógrano sen rebaxar a reflexión. Até a aparición da personaxe *Medias Vermellas*, que pode semellar disfuncional no relato lineal, consegue poñer un contrapunto realista: a toleria como única saída ao medo e a desesperación dun túnel ao que non se lle vía saída.

Ao pé de comezar o Ano da Memoria, a obra de Sarabela/Manuel Rivas, semella un bo punto de partida.

Marcos Valcárcel | La Región | 18 de outubro de 2005

O heroe frustrado

É o momento no que sabemos que Caronte é un heroe frustrado cando entendemos moitas das pezas que se ensarillan no *Heroe* de Rivas: o amor e o desamor, a tiranía e a rebeldía, a guerra e a paz, a liberdade e a opresión, os líderes sublimes e os seres anónimos, todo ese conxunto de pares encaixan definitivamente. Caronte, o ex lexionario que regresa dunha guerra que non existe oficialmente (Sidi-Ifni), conduce toda a historia como aqueloutro Caronte conducía as almas en pena que

atravesaban a lagoa Estixia tras pagar o óbolo correspondente. Pero Caronte non podía transportar aos mortais vivos (por iso anoxou a Hércules) e o Caronte de Rivas devén ao final derrotado pola ironía dun cachón de augas no que se supón que é a hora histórica da inmolação que vai dar razón e sentido á súa existencia. Sarabela xoga con xeito co texto de Rivas, alternando os trazos tremendistas (a tortura) co sentido do humor e o lirismo da prosa deste autor. Hai momentos brillantes como o barbeiro que interpreta X. A. Porto «Josito» ou as escenas da Lucía que fala coa voz de Nate Borrajo. Pero,

sobre todo, de *O heroe* quedará a interpretación maxistral de Fernando Dacosta, posuidor dunha inmensidade de rexistros dramáticos que xa ten demostrado moitas veces. Se Fernando naceuse noutras latitudes, tería dereito a soñar coas glorias que adobiaron a monstros como Marlon Brando ou Kirk Douglas. Aquí, só podemos ver as súas artes nestas citas de Sarabela. Ogallá o público da TVG, que só o coñece a través de *Pratos Combinados*, acuda xa aos teatros a recoñecer este tesouro que temos oculto.

Camilo Franco | *La Voz de Galicia* | 17 de outubro de 2005

Madeira emocional

«O heroe», de Sarabela

«O heroe». Autor: Manuel Rivas. Directora: Ánxeles Cuña. Reparto: Fernando Dacosta, Nate Borrajo, Fina Calleja, Suso Díaz, Sabela Gago, Josito Porto, Tito Asorey, Elena Seijo.

Como non tivemos revolución temos memoria. Ou quizais tivemos unha revolución tan calada, tan íntima que non nos enteiramos. En moitísimos sentidos, a nova montaxe de Sarabela e a estrea dramática de Manuel Rivas vai deso: revolucións cativas, cabronadas do destino e a memoria.

Lonxe do que poida parecer argumentalmente, *O heroe* é unha peza intensamente inclinada ao emocional, inclinada a explicar a que tipo de labirintos emocionais conduce a falta de liberdade.

Acaso porque as emocións non son constantes en ningures a montaxe sube e baixa un pouco pola escada da intensidade, afrouxando cando se alonxa do núcleo da historia. Define con habilidade aos personaxes cando se deixa enredar nos contrapuntos cun humor sinxelo pero que aclara con lucidez a madeira de cada quen.

A nova montaxe de Sarabela traballa moito para reconstruír a circunstancia contra a que resiste o protagonista. Ten algo que ver con ese penalti que ás veces é o destino.

A obra se comporta con audacia para levar aos espectadores a paisaxes pouco teatrais,

asume algúns riscos de aparato ao tempo que tantea algúns elementos simbólicos para acompañar a unha liña que busca, en cada caso, o lado humano das cousas, antes que calquera outra consideración dun tempo cheo de ruído e de furia.

No final, cando a falta de mellor definición reaparece o destino, a obra opta polo simbólico. Esquiva un efecto final, deixa de lado a posible catarse e utiliza un final lento, elíptico e narrativo. Cambia, en certo sentido, o discurso da obra porque pide unha reflexión final a unha obra que se move en case todos os seus minutos nos campos da emoción.

A obra acaba como moitas historias: unha luz que se apaga para encender os ecos da memoria.

Marta Quesada | *Tempos Novos*, n.º 102 | novembro de 2005

Circunstancia e destino

[...] A obra ten unha tensión permanente entre a vocación metaforizante do autor e a procura de darlle corpo ao drama que marca os últimos anos da compañía que dirixe Ánxeles Cuña. É unha dialéctica moi teatral que se resolve co equilibrio e que, ao cabo, explica moi ben por que en tantas ocasións a inocencia consegue sobrevivir acosada por tantos exercicios de manipulación, de necesidades imperiosas para o porvir, e por algúns ataques mal disimulados de agudeza.

Alén do sentido literal, a montaxe xoga co fado. A obra é un edificio traballo da circunstancia, na elaboración dos perso-

naxes, na construción dos personaxes e na comunicación co espectador. Hai unha carga simbólica, quizais máis adxectiva ou menos esencial, que vai discorrendo en paralelo á acción e que, segundo gustos, engadirá algo ou interferirá no discurso emocional que se tece ao longo da obra.

Unha das chaves da peza é a organización, a dosificación da intensidade emocional. É verdade que mesmo pode parecer unha contradición falar a un tempo de organización e emoción, pero no teatro as cousas fanse complexas para que parezan sinxelas. *O heroe* de Sarabela tece unha sutil tea emocional desde os dous personaxes centrais (interpretados por Fernando Dacosta e Nate Borrajo). Dous personaxes que asumen no seu carácter esa dicotomía entre a inxenuidade e a intelixencia, entre a acción e o pensamento, entre o presente

e o horizonte. Hai tensión porque arredor deles están salferidos outros personaxes que teñen peso na súa circunstancia, que quitan e poñen retratos ao desexo e que, ademais, manipulan as grandes palabras como din que os toureiros manipulan as traxectorias dos touros.

Sarabela manexa con firmeza narrativa a historia mentres vai camiño do desenlace, mentres fai levedar esa sensación de inevitabilidade que ten toda historia e ao tempo que sementa polo escenario algúns contrapuntos para demostrar que na vida, mesmo nas malas, hai momentos para todos e que esa capacidade de asumir as desgrazas é un argumento dos máis humanos que se poden manexar sobre un escenario [...].